

**Á SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL - CONSELLERÍA DE  
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS DA XUNTA DE GALICIA.-  
SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

**ANTÓN MASA VÁZQUEZ**, co DI nº 33.197.669-K e enderezo a efectos de notificación na rúa Michelena 3-1ºB (36001-Pontevedra), como Presidente da ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA (APDR) e no nome da citada asociación, por medio deste escrito en relación coa solicitude de RENOVACIÓN DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA (en adiante AAI) do GRUPO EMPRESARIAL ENCE S.A. (expediente 2011-IPPC-M-10), oponse á renovación da antedita A.A.I. formulando –dentro do prazo contemplado no **DOG número 126 do 1 de xullo de 2011**- as seguintes:

**ALEGACIÓNS:**

1.- Antes de determos na análise do Proxecto sometido ao trámite de exposición pública, parece oportuno considerar algúns aspectos que cuestionan a viabilidade futura da empresa ENCE S.A. no seu actual emprazamento e que se deberían ter en conta no momento de tomar unha decisión ao respecto da renovación ou non da AAI solicitada:

a).- Trátase dunha empresa cuestionada pola cidadanía e polas forzas políticas con implantación na comarca, que optan en todos os casos polo fin da actividade no seu emprazamento actual en terreos de dominio público marítimo-terrestre.

b).- A empresa ENCE S.A. ten data de caducidade. En efecto, a concesión –outorgada inicialmente ao INI e improrrogábel de acordo coa Lei de Costas- vence no ano 2018.

c).- Pero estamos a falar tamén dunha empresa cuestionada xudicialmente. Sen esquecer que foi condenada en novembro do ano 2002 pola comisión dun delito ecolóxico continuado no tempo, hai que facer constar o recente fallo do 19 de maio de 2011 da Sección Primeira da Sala

de lo Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional (Procedemento Ordinario 0000823/2010) que condena á Administración “a la incoación del expediente de caducidad de la concesión y a la adopción de todas las medidas legalmente contempladas para la paralización de las actividades y suspensión del uso y explotación de las instalaciones...”. Deixa entrever o fallo xudicial que as actividades e instalacións ás que fai referencia carecen da preceptiva concesión administrativa e/ou dalgunha outra autorización legalmente esixíbel, pois, do contrario, non habería razón ningunha para adoptar as medidas para a súa paralización e a suspensión do seu uso.

Estas consideracións, e moi particularmente a decisión xudicial arriba comentada, avalan –a noso entender– a denegación da renovación da AAI agora solicitada. Como xustificar, senón, a renovación da autorización ambiental a unha empresa que mesmo semella carecer dalgún dos máis elementais requisitos para o seu funcionamento?.

2.- Non consta no expediente aportado por ENCE S.A. o Informe do Concello de Pontevedra que acredite a compatibilidade do proxecto co planeamento urbanístico, nin sequera a copia da solicitude do mesmo por parte da empresa, un trámite imprescindible para que a solicitude de renovación da AAI se axuste á legalidade (artigos 12.1-b e 15 da Lei 16/2002 de prevención e control integrados da contaminación e artigo 7 do Real Decreto 509/2007 que desenvolve a citada Lei). De acordo coa Lei, **ao non existir este informe, ou sen que conste a solicitude do mesmo, procede pór fin ao procedemento de renovación da AAI solicitada.**

Non se esqueza que o artigo 7 do citado Real Decreto 509/2007, que se ocupa da renovación da autorización ambiental integrada cita expresamente que no procedemento de renovación incluíranse, polo menos, ... os informes do Concello e do organismo de conca contemplados no Capítulo II do Título III da Lei 16/2002. Nin tampouco que no artigo 15 desta mesma Lei 16/2002 dise taxativamente que ... **si este informe fuese negativo,.... el órgano competente para otorgar dicha autorización dictará resolución motivada poniendo fin al procedimiento y archivará las actuaciones.**

Tratase, xa que logo, dun informe da maior transcendencia e importancia para a Lei, pois é vinculante para a Administración que tramita a autorización. Así pois, sen tal informe, ou sen ter xustificada a petición do mesmo, non procede iniciar a tramitación da renovación da AAI. E o precepto indicado (12.1.b) non exceptúa a ningunha industria da petición do informe urbanístico que nos ocupa.

Por esta razón, debemos considerar aquí o argumentado pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (DXCAA) no terceiro antecedente de feito da resolución pola que se outorgaba a AAI a ENCE S.A. hai tres anos, argumentación coa que desde logo non podemos concordar e que reproducimos de seguido:

*Respecto do informe urbanístico cómpre indicar que a fábrica de celulosa obxecto da presente autorización está incluída nun proxecto declarado de incidencia supramunicipal, polo que, en virtude do establecido no artigo 11 do decreto 80/2000 de 23 de marzo, que regula os plans e proxectos de incidencia supramunicipal, se considera acreditada a compatibilidade da instalación desde o punto de vista urbanístico.....*

Facía referencia a DXCAA ao Decreto do 26-12-2003 dictado polo Consello da Xunta de Galicia obviando a citada Dirección Xeral unha realidade que xa daquela era pública e notoria: que tanto o GRUPO EMPRESARIAL ENCE coma GEORGIA PACIFIC, o seu socio no proxecto sectorial declarado de incidencia supramunicipal no antedito decreto, tiñan abandonado xa a pretensión de levar a cabo aquel proxecto. Neste sentido resulta abondo ilustrativa a **resolución da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios de data 30-10-2007** (publicada no BOE do 30-10-2007) pola que se procede á cancelación e arquivo do expediente de incentivos rexionais de TISU DE LOURIZAN, o proxecto sectorial ao que vimos facendo referencia.

Pois ben, se resultaba daquela inadmisíbel por contraria ao dereito a argumentación da DXCAA, resultaría menos admisíbel se cabe que a administración se acollera agora a este criterio para eludir este imprescindible trámite, pois tal proxecto sectorial ten deixado de existir. En efecto, **o proxecto TISU DE LOURIZAN ten caducado** (artigo 15 do Decreto 80/2000) ao terse incumplido amplamente os prazos previstos para o inicio e o remate das obras consideradas no proxecto sen que exista ningunha prórroga para o mesmo.

Pero se non fora suficiente o argumento da caducidade do proxecto, hai que ter en conta tamén que a instalación da planta de TISU nos terreos que ocupa ENCE infrinxiría a regulación de Costas, pero non xa pola falta de concesión demanial (competencia atribuída ao Estado) senón directamente pola incompatibilidade cos instrumentos de ordenación do territorio e o litoral, competencia da Comunidade Autónoma, o que á súa vez determina a inviabilidade da concesión demanial por parte da Administración estatal. En efecto, **o Plan de Ordenación do Litoral (POL) limita o desenrolo de novas actuacións nos terreos que ocupa ENCE, o que compromete de forma definitiva a viabilidade daquel proxecto.**

Xa por último, non resulta de máis lembrar que a renovación da AAI interesada por ENCE refírese á fábrica pasteira, ás instalacións xa existentes, e non ao Proxecto Sectorial antes citado.

Pretender eludir o trámite do artigo 12.1.b xa citado amparándose no Decreto do 26-12-2003, implicaría consentir o incumprimento da Lei ao concederlle a ENCE un trato distinto, algo que está vedado polo artigo 14 da Constitución Española (CE); non esquezamos que os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, un principio non respectado pola Administración caso de permitir que ENCE eluda o trámite tantas veces mentado. Non está de máis citar o recollido no artigo 9.1 e 9.3 da CE (OS CIUDADANOS E OS PODERES PÚBLICOS ESTÁN SUJEITOS Á CONSTITUCIÓN E AO RESTO DO ORDENAMENTO XURÍDICO... ...A CONSTITUCIÓN GARANTE O PRINCIPIO DE LEGALIDADE... A SEGURIDADE XURÍDICA...).

Así pois, **o Grupo Empresarial ENCE incumpriu co disposto no artigo 12.1.b da Lei 16/2002 mencionada ao non solicitar o Informe do Concello de Pontevedra acreditativo da compatibilidade do proxecto co planeamento urbanístico**, un aspecto que resulta imprescindíbel para a tramitación da renovación da Autorización Ambiental Integrada e que nin ENCE nin a Administración poden xustificar de ningún modo.

En todo caso, tanto a Administración coma a empresa, teñen a obriga de dar cumprimento á Lei 16/2002 e ao Real Decreto 509/2007 que a desenvolve e, neste sentido, **o disposto no artigo 12.1.b da Lei (e no artigo 7 do Real Decreto) non admite excepción ningunha e menos invocando un Decreto de Supramunicipalidade que non é de aplicación ao caso e que – non nos imos deter nelo por resultar evidente- é de rango inferior á referida Lei.**

Pero, por se o anterior non abonda, non cabe esquecer tampouco que o **Auto da SECCIÓN 1ª DA SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DO TSX DE GALICIA de data 13-5-2004 (recurso 172/2004) suspende cautelarmente o punto 4º daquel Decreto no tocante á “exención de licencia urbanística y demás actos de control preventivo municipal respecto a las obras en instalaciones referidas en el proyecto sectorial”**. Se, a pesar do Decreto, o Concello ten as competencias no tocante ás concesións de licencias, necesariamente tamén mantén as competencias para emitir o informe vinculante tantas veces mencionado.

En definitiva, A RENOVACIÓN DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL A ENCE, S.A. DEBE DENEGARSE POR NON CONTAR COA CERTIFICACIÓN DE COMPATIBILIDADE

## URBANISTICA NIN OFRECER XUSTIFICANTE DA SOLICITUDE DIANTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

3.- Sorprende sobremaneira a documentación aportada por ENCE no capítulo 3 que aborda as “Mellores técnicas dispoñíbeis” para a fabricación de pasta de celulosa mediante o proceso Kraft; e sorprende porque, de acordo coa información recollida nas páxinas 154 a 156 da Memoria proxecto presentada polo grupo empresarial para solicitar a renovación da AAI –nas que se fai relación destas mellores técnicas adoptadas pola empresa pasteira- todas as medidas reductoras das emisións á auga e ao aire entraron en servicio con anterioridade ao ano 1994 e, xa que logo, dentro do período de tempo no que foi probada a comisión dun delito ecolóxico continuado por parte de ENCE en fallo xudicial dictado en novembro de 2002 en función dos niveis do impacto ambiental e contaminación provocada pola empresa. Como xustificar a bondade dunhas técnicas que non teñen impedido a comisión dun delito ecolóxico?.

4.- Do mesmo xeito, resulta inadmisíbel –por ser claramente insuficiente- a información facilitada por ENCE na documentación remitida para a solicitude da renovación da AAI no seu capítulo 4 que trata das repercusións ambientais da empresa. Resulta inadmisíbel, en efecto, que ENCE se limite a ofrecer neste apartado valores medios anuais para as emisións á atmosfera (partículas, SH<sub>2</sub>, SO<sub>2</sub> e NO<sub>x</sub>) e para os vertidos á Ría (caudal, pH, SS, DBO, DQO, AOX, Hg, N<sub>2</sub> e P) pois é absolutamente necesario coñecer os datos individualizados para cada un destes parámetros para saber do cumprimento ou non da lexislación e da propia AAI. Non se debe esquecer que todos estes aspectos, regulados todos eles pola AAI, son de enorme importancia pola incidencia sobre a saúde e a calidade de vida das persoas e sobre o medio mariño e os recursos marisqueiros e pesqueiros, nin que a Ría de Pontevedra ten unha indubidábel vocación pesqueira e marisqueira que ten sido enormemente prexudicada polos vertidos de ENCE. Non fai falta reproducir aquí os parágrafos que neste sentido contén o texto da sentenza condenatoria a ENCE pola comisión dun delito ecolóxico dictada pola Audiencia Provincial de Pontevedra con data de novembro de 2002.

E sorprende que non se aporten estes datos porque a AAI concedida hai 3 anos obrígalle a ENCE a realizar medicións semanais para cada un dos parámetros e contaminantes indicados en cada un dos focos emisores á atmosfera, como lle obriga tamén a facer medicións diarias do vertido de Hg, quincenais para a DBO e semanais para o resto dos parámetros de vertido á Ría. Hai que sinalar tamén que non aporta ningún dato referente ao vertido de Cd, por máis que –como veremos máis adiante- están a realizar vertidos deste metal pesado á Ría.

5.- O mesmo se pode dicir dos datos aportados por ENCE para a rede de control de inmisi3ns, da que s3 aporta medias anuais para part3culas, SH<sub>2</sub> e SO<sub>2</sub>, unha informaci3n que non permite coñecer o verdadeiro alcance da contaminaci3n nin do cumprimento da lexislaci3n e da AAI.

Pero debemos insistir sobre un aspecto relativo 3 a rede de control de inmisi3ns, pois sup3n un claro incumprimento das obrigas fixadas no apartado 1.3.b do Anexo IV da AAI e, xa que logo, unha raz3n m3is para non renovala. Fixa neste apartado a AAI a necesidade de incorporar estaci3ns metereol3xicas nas cabinas situadas no Areeiro e Campelo, como obriga a recolocar a cabina existente na Escola Naval de Mar3n noutro punto deste Concello e a que no seu d3a estivo situada no cuartel de Campolongo, que –indica a AAI- deber3 instalarse nunha zona comprendida entre a f3brica e a cidade de Pontevedra. 3mbalas d3as cabinas deber3n contar tam3n con estaci3ns metereol3xicas. E da lectura do apartado 4.1.1.4 da memoria presentada agora por ENCE p3dese deducir que nada desto se ten feito; describese neste apartado a rede de control de inmisi3ns de ENCE e ind3case que consta tan s3 de d3as cabinas autom3ticas (as do Areeiro e Campelo) e que unha terceira (retirada do cuartel de Campolongo) est3 pendente dun novo emprazamento. Nada di da de Mar3n nin de si se teñen incorporado ou non as estaci3ns metereol3xicas nas cabinas.

Chama poderosamente a atenci3n neste sentido que non se mencione a existencia dunha cabina situada en Mollabao, fronte ao cami3n que sube a Ponte Mu3os, ao pe da estrada PO-546; descoñecemos se esta cabina pertence ou non 3 a rede de control de inmisi3ns de ENCE, pero, de ser as3, e tendo en conta que se atopa situada entre a f3brica e a cidade de Pontevedra, estar3amos a falar da cabina que veu substituir 3 existente no cuartel da Brilat en Campolongo?.

De se tratar dunha cabina pertencente 3 a rede de control de inmisi3ns de ENCE, e a prop3sito da situaci3n da mentada cabina, hai que facer constar que se atopa baixo o penacho procedente das chemineas de ENCE, de tal xeito que a toma de mostras do aire non se corresponder3 nunca cos verdadeiros niveis de contaminaci3n da f3brica, que cando o vento sopra cara a Pontevedra deixa caer a carga contaminante sobre o centro da cidade, sobrevoando a cabina. Como Anexo I aportamos copia dunha fotograf3a que –a pesar da dificultade que entra3a conseguir unha boa representaci3n gr3fica desta realidade- permite observar como o penacho de fume supera a zona de Moll3bao para incidir directamente sobre a cidade e, xa que logo, o emprazamento desaxeitado da cabina para o control das emisi3ns de ENCE.

E esta situación irregular que vimos de describir para a cabina situada en Mollábao, repítese para o resto das cabinas, que están situadas fóra da dirección dos ventos dominantes, polo que dificilmente poderán recoller a contaminación que a fábrica de pasta de papel achega aos principais núcleos de poboación da comarca, e dun xeito particular aos de Pontevedra e Marín.

Esta dificultade para o control e medida da contaminación atmosférica provocada pola empresa ENCE e os aspectos metodolóxicos comentados nas alegacións 4ª e 5ª do noso texto invalidan, ao noso entender, o proxecto básico presentado por ENCE, pois non dan resposta á realidade da instalación fabril nin ao seu impacto sobre o medio ambiente, os recursos naturais, a economía da zona e a calidade de vida das persoas.

6.- Pero non debemos esquecer que unha das finalidades da AAI é a protección do medio ambiente e da saúde das persoas, polo que a prevención e o control da contaminación será fundamental, e máis se cabe no caso que nos ocupa dados os antecedentes da fábrica de ENCE neste particular. A fixación na AAI duns límites estrictos para os vertidos e as emisións á atmosfera será, xa que logo, imprescindible para que a autorización acade o seu obxectivo.

E así, a Lei 16/2002 de prevención e control integrado da contaminación, que regula a concesión das AAI, no apartado 1.f do seu artigo 7 –que fixa os valores límite de emisión– exprésao con total claridade: **PARA A DETERMINACIÓN NA AAI DOS VALORES LÍMITE DE EMISIÓNS, DEBERÁSE TER EN CONTA... OS VALORES LÍMITE DE EMISIÓN FIXADOS, NO SEU CASO, NA NORMATIVA EN VIGOR NA DATA DA AUTORIZACIÓN.**

Neste sentido, desde a APDR sostemos que **A AAI OUTORGADA A ENCE É CONTRARIA AO DEREITO**, polo que a súa renovación nos mesmos termos en que foi concedida sería, así mesmo, ilegal.

E baseamos a nosa afirmación na evidencia de que os valores límite fixados na AAI outorgada a ENCE no ano 2008 superan amplamente nalgúns casos os límites fixados no Real Decreto 509/1996 de augas residuais urbanas que desenvolve o Decreto 11/1995 que á súa vez adecúa á normativa española a directiva 91/271/CEE e, así mesmo, no incumprimento da Lei 9/2010 de augas de Galicia, que recolle as esixencias fixadas na derogada Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia, vixente no momento da concesión da AAI á empresa ENCE. E non cabe dúbida ningunha de que ámbalas dúas leis son de obrigado cumprimento para a empresa ENCE.

Define de forma inequívoca a lexislación citada, que se debe entender por augas residuais urbanas, e así, queda claro que teñen esta condición **tanto as augas residuais domésticas como a mestura das mesmas con augas residuais industriais e/ou augas de escorrentía pluvial**. Non deixa polo tanto a normativa lugar a dúbidas, as augas do vertido de ENCE –que saen ao medio receptor polo emisario submariño mesturadas con augas residuais domésticas– teñen, por definición, consideración de augas residuais urbanas, o que xustifica de cheo a aplicación a ENCE da normativa anteriormente citada. E así o entendía tamén o lexislador no seu día ao concederlle á empresa a Autorización de vertido; en efecto, e logo de fixar os parámetros de vertido esixidos aos vertidos da empresa, engadía... **todo o anterior enténdese sen prexuízo do cumprimento da Directiva 91/271/CEE sobre o tratamento das augas residuais urbanas, así como outras que puideran ser de aplicación**. Que levou á Administración a non recoller esta esixencia na autorización ambiental?. Non se debe esquecer que a chamada AAI veu substituíren á autorización de vertido antes citada!.

Así pois, e no que fai aos vertidos á Ría, a AAI que nos ocupa debería ter recollido –como mínimo- os límites fixados pola normativa vixente para as augas residuais urbanas, límites que pasamos a relacionar de seguido:

Parámetros	Concentración
Demanda bioquímica de osíxeno (DBO)	25 mg/l O <sub>2</sub>
Demanda química de osíxeno (DQO)	125 mg/l O <sub>2</sub>
Sólidos en suspensión (SS)	35 mg/l
Fósforo total	2 mg/l P
Nitróxeno total	15 mg/l N

Pois ben, lonxe de fixar estes límites de vertido, a AAI outorgada a ENCE no 2008 e que agora se pretende renovar, establece para estes parámetros unhas esixencias moito máis permisivas, tal e como se pode deducir do recollido no apartado 3.1.c do Anexo IV da citada AAI:

Sólidos en suspensión (kg/día)	2.250*
DQOtotal (kg/día)	9.000*
DBO5 (kg/día)	2.250*
Fósforo total (kg/día)	108
Nitróxeno amoniacal (kg/día)	810

\* Este valor considérase como o límite máximo permitido en media mensual, admitíndose valores punta de ata 12.000 kg/día para a DQO total, 3.000 kg/día para a DBO5 e 2.800 kg/día para os Sólidos en suspensión; sen que poida sobrepasarse a media mensual.

O primeiro que debemos considerar é que non semella lóxico que a Administración estableza as esixencias de vertido como carga contaminante diaria, é dicir, en Kg/día, xa que deste xeito permítense impactos puntuais elevados sobre o medio ao longo do día e, ademais, que a empresa –coñecedora en todo momento da carga contaminante do vertido e dos momentos nos que se fan as medicións destinadas ao control da contaminación- poida decidir o caudal de vertido en función dos seus intereses. Non esquezamos que as medicións as fai a propia empresa. E non está de máis lembrar aquí que, tal e como se recolle na lexislación (na Lei 9/2010 entre outras), os límites de vertido non se poden alcanzar en ningún caso mediante dilución.

Pero, ademais, se expresamos en Kg/día os valores límite legais establecidos pola normativa vixente para un caudal de vertido de 35.632 m<sup>3</sup>/día (considerado pola propia empresa como o caudal de vertido medio neste ano), poderemos ver que os máximos permitidos na lexislación en carga diaria serían:

Sólidos en suspensión (kg/día)	1.247,12
DQOtotal (kg/día)	4.454,00
DBO5 (kg/día)	890,80
Fósforo total (kg/día)	71,26
Nitróxeno amoniacal (kg/día)	534,48

moi inferiores aos que lle permite a AAI. E debemos indicar tamén que resulta absolutamente incomprensíbel que a Administración autonómica poida entrar en contradición coa lexislación propia dun xeito tan evidente, pois **no que fai ao Nitróxeno e Fósforo, incide a Lei 9/2010 de augas de Galicia no seu Anexo III, na necesidade de considerar de forma particular aquelas rías que teñan sido declaradas “zona sensíbel” (é o caso da de Pontevedra!) á hora de fixar nas AAI as esixencias para estes dous parámetros.** Estanse a considerar de forma particular no caso da AAI de ENCE as esixencias para Nitróxeno e Fósforo?. Pódese xustificar dalgún xeito esta permisividade coa empresa pasteira?. Sobran os comentarios...

Pero, como xa adiantamos, a AAI outorgada a ENCE entra tamén en contradición coa Lei 9/2010 de augas de Galicia en moitos outros aspectos; entre os seus obxectivos persegue esta Lei actualizar a normativa de augas e a protección das augas das rías galegas, obxectivo que fica patente na derogación expresa da Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia, unha Lei –non fai falta abundar máis neste aspecto- de obrigado cumprimento para a empresa ENCE.

No mesmo Anexo III fixa a Lei os límites de emisión das augas residuais ás rías de Galicia, e convén facer fincapé no contemplado neste anexo para os metais pesados Cadmio e Mercurio,

para os que fixa os valores esixidos como medias mensuais, medias diarias e valores puntuais, establecendo valores de 0.2, 0.4 e 0.4 mg/L respectivamente para o Cd e de 0.05, 0.1 e 0.1 mg/L para o Hg. Pola súa banda, a AAI que nos ocupa remítese para o Cd ao contemplado nesta Lei, mentres que para o Hg fixa un valor de 2 µg/L como valor límite de vertido, un valor evidentemente inferior ao establecido na citada Lei 9/2010.

Pero convén deternos tamén nun aspecto que entendemos chave á hora de deducir se a AAI outorgada a ENCE concorda ou non coa normativa vixente para o caso do vertido destes dous perigosos metais pesados. No Anexo III da Lei 9/2010, tanto o Cd como o Hg aparecen cun asterisco que, a pé da táboa explícase co seguinte texto: **EN CALQUERA CASO ESTAS CONCENTRACIÓNS SÓ SE ADMITIRÁN NAS VERTEDEURAS QUE SE PRODUZAN COMO RESULTADO DO ARRASTRE INEVITÁBEL DESTES METAIS CONTIDOS NAS MATERIAS PRIMAS USADAS**. E non é este o caso de ENCE.

Sinalaremos aquí que, tal e como se recolle na páxina 75 da AAI de ENCE, a única materia prima utilizada pola empresa no seu proceso de fabricación de pasta de papel é a madeira de eucalipto, unha materia prima que, cando menos de forma natural, non debe presentar valores elevados destes dous metais; admitía recentemente a empresa ENCE a existencia de vertidos de mercurio e achacaba a procedencia á madeira de eucalipto; nada dicía dos vertidos de cadmio. Non resulta crível, ao noso entender, que as cantidades de Cadmio e Mercurio que se verten ao medio receptor –aínda que non se trata de concentracións elevadas pois están por baixo dos 0.004 mg/L para o Cd e entre 0.05 e 0.67 µg/L para o Hg, segundo os datos que nos ten facilitado a SXCAA da Xunta de Galicia- poidan proceder da madeira como resultado da absorción destes metais ben polas follas ben polas raíces das árbores. Só se entendería de se tratar de madeira previamente tratada con funxicidas que conteñan estes metais pesados, unha práctica moi utilizada hai algúns anos para evitar a aparición de fungos na madeira almacenada, pero actualmente prohibida. É esta, quizais, a vía de entrada do Cadmio e o Mercurio na madeira de ENCE e a causa de que posteriormente estes metais pesados cheguen aos vertidos da fábrica?.

E pretende ENCE xustificar na súa Memoria proxecto esta situación ao dicir que a Lei 9/2010 non é de aplicación aos seus vertidos, e así no apartado 4.1.3.4 afirma que estes parámetros incluídos no Anexo III da Lei non son preceptivos na produción de celulosa. Resulta clarificador neste sentido que a empresa ENCE, que reproduce nas páxinas 201 e 202 da súa Memoria proxecto o mentado Anexo III da Lei, “esqueza” reproducir precisamente o pé da táboa que aclara o relativo ao Cd e Hg, e así, aínda que non retira os asteriscos existentes na mesma para estes metais, evita poñer a lenda que da sentido á presenza do tal asterisco e que non é

outra que a explicación da limitación do seu vertido, ....só se admitirán no caso..... Pretende obviar ENCE, sen lugar a dúbidas, un dos incumprimentos máis evidentes no seu comportamento ambiental. Non se debe esquecer ademais a importante incidencia que estes metais pesados teñen sobre o medio ambiente, sobre os recursos naturais e sobre a saúde e a calidade de vida das persoas

Do exposto nesta alegación, fica probada a existencia de vertidos ilegais de Cd e Hg, vertidos que no caso do Hg son permitidos pola AAI que, por esta razón non se axusta a dereito e, xa que logo, non pode ser renovada.

7.- Se temos en conta agora os datos de vertido á Ría de Pontevedra correspondentes ao período comprendido entre maio de 2008 e maio de 2010 (datos todos eles presentados pola propia empresa á Xunta de Galicia e facilitados á APDR pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental), poderemos confirmar que os vertidos de ENCE incumpren en multitude de ocasións a lexislación ambiental vixente, de forma particular no que fai a Sólidos en Suspensión (SS) e a DQO (Demanda Química de Osíxeno). Son moitas en efecto as ocasións nas que se superan os 35 mg/L para SS e os 125 mg/L para a DQO establecidos como valores límite para estes parámetros na Directiva 91/271/CEE. E este incumprimento (evidentemente coñecido pola Administración posuidora destes datos) é motivo abondo para non concederlle á empresa ENCE a renovación da AAI agora solicitada.

8.- E presenta outra importante deficiencia a Memoria aportada por ENCE para a renovación da AAI, unha falta de información que ao noso entender invalida o proxecto. Nada se di na Memoria proxecto da calidade dos vertidos de ENCE no que fai ao contido en coliformes, un aspecto que si ben é certo ten moito que ver coa contaminación urbana, está sendo relacionado na actualidade tamén co proceso de fabricación de pasta de papel e que, en calquera caso, ENCE tería que ter contemplado ao estar esixido pola AAI o cumprimento da Lei 9/2010 de augas de Galicia, do Real Decreto 734/1988 que fixa as normas de calidade das augas de baño, e do Real Decreto 345/1993 que fixa as relativas á calidade das augas e da produción de moluscos mariños. Non fai falta dicir que todas estas normas legais establecen uns límites de vertido para coliformes, que figuran como anexos VIII e IX na tantas veces citada autorización ambiental de ENCE.

Por todo o exposto,

**SOLICITA:**

1.- Que tendo por presentado este escrito, se teñan por feitas, en tempo e forma, as anteriores alegacións ao expediente 2011-IPPC-M-10 no que se solicita a renovación da AAI do Grupo Empresarial ENCE, S.A. e, unha vez cumpridos os distintos trámites procedimentais, se poña fin ao procedemento polo incumprimento do disposto nos artigos 12.1.b e 15 da Lei 16/2002 e no artigo 7 do Real Decreto 509/2007 que a desenvolve.

2.- Para o caso de que non se admita a petición anterior, con reserva dos recursos que procedan, interésase a denegación da renovación da AAI solicitada polo Grupo Empresarial ENCE, S.A. en base ás demais alegacións.

E para que conste, asina en Pontevedra a 5 de agosto de 2011

## ANEXO I

